



## Acta de reunión

Órgano convocado	ACTA DA REUNIÓN DO CONSELLO ESCOLAR DO DÍA 08 DE SETEMBRO DE 2023								
Lugar de reunión	AULA SALÓN DE ACTOS			Ordinaria	<input checked="" type="checkbox"/>	Extraordinaria	<input type="checkbox"/>	Urxente	<input type="checkbox"/>
Nº de reunión	1_2023/24	Data	08-09-2023	Hora inicio	18:30	Hora remate	20:00		
Moderador/a	Directora: Sabela Pardo Vázquez								
Secretario/a	Secretaria: Mercedes Couto García								
Propósito	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Lectura e aprobación, se proceder, da acta anterior.</li> <li>2. Calendario escolar.</li> <li>3. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de Club de Lectura 2023.</li> <li>4. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria dos Contratos Programa 2023.</li> <li>5. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria EDUEX-CHANGE.</li> <li>6. Aprobación, se proceder, da participación na convocatoria de Club de Ciencia.</li> <li>7. Información da posta en marcha do curso 2023/24. Comunicación financiación <b>FSE e NEXT GENERATION</b>.</li> <li>8. Informacións de matrícula.</li> <li>9. Aprobación, se proceder das actividades complementarias e extraescolares.</li> <li>10. Rogos e preguntas.</li> </ol>								
Asistentes	<p>DIRECTORA: Sabela Pardo Vázquez.            XEFES DE ESTUDOS: Anxo Rodríguez Rodríguez.            SECRETARIA: Mercedes Couto García.            PROFESORADO: Santos Seara Escudero, Rosa Martín Bejarano, Mónica Rodríguez Nieto, Ana Ojea Alonso e Xabier Mandado Estévez.            PAS            PAIS/NAIS: Álvarez Zaragoza, Luisa, Núñez García Tania e Lareo Fernández, Ana.            ALUMNOS/AS:            CONCELLO: Víctor Martínez Oya</p>								

## Temas tratados

No **primeiro** punto da orde do día, sométese a votación a acta do CE do día 28 de xuño que foi enviada xunto coa convocatoria, e non habendo observacións á mesma, apróbbase por unanimidade.

No **segundo** punto da orde do día, a Directora presenta o calendario do curso escolar, cuxo borrador foi enviado por correo electrónico coa convocatoria do Consello Escolar. Basicamente contempla o seguinte:

ESO e Bacharelato comezan as clases o día 11 de setembro. 1º Ciclos e FPB o día 12, 2º Ciclos o 13.

O día do Ensino: 7 de decembro.

Nadal: do 22 de decembro ata o 7 de xaneiro, ámbolos dous inclusive.

Entroido: 12,13 e 14 de febreiro.

Semana Santa: do 25 de marzo ao 1 de abril, ámbolos dous inclusive.



Este curso hai que elixir 2 días de disposición do centro, debido a que os dous festivos locais coinciden en días non lectivos. Acórdase solicitar o 13 de outubro e o 16 de maio.

No **terceiro** punto da orde do día, a Directora informa que para acollerse ás axudas dos "Clubs de lectura 2023" convocados pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos. Sométese a votación e apróbbase por unanimidade o proxecto e a súa solicitude.

No **cuarto punto** da orde do día, infórmase que está aberto o prazo para solicitar Contratos Programa para o curso 2023/24, proponse solicitar: Un CP INNOVA enfocado ao ámbito do aforro enerxético e dirixido a alumnado da ESO, bacharelato e FP e tamén os xa desenvolto o curso pasado na modalidade CP INCLÚE, destinado a mellorar a convivencia no centro. Sométese a votación e apróbbase por unanimidade.

No **quinto** punto da orde do día infórmase de que está aberta a convocatoria para o programa EDUEXCHANGES para intercambios. Apróbbase por unanimidade.

No **sexto** punto da orde do día infórmase de que está aberta a convocatoria para a renovación do CLUB DE CIENCIA. É necesario a aprobación por parte do CE. Apróbbase por unanimidade.

No **sétimo punto** da orde do día, a Directora informa sobre a posta en marcha do curso 2023/24:

- Informa da financiación derivada dos fondos **NextGeneration** da Unión Europea, por importe **36.000€**, para financiar a implantación de novos cursos de FP dual e a distancia, e **23.100€** para a dotación da aula de Capacitación Dixital.

- Obras:

  - Informa sobre a instalación dun ascensor para acceso desde o garaxe aos corredores de electricidade, comúns e edificación cuxa execución terá unha duración de 3 meses.

  - Instalación de placas fotovoltaicas. Obra en fase de presentación de ofertas.

- Informa sobre os cursos de capacitación dixital que se impartirán nos meses de outubro e novembro así como a aprobación do Plan Dixital do centro.

No **oitavo** punto da orde do día, a Directora informa da situación do estado da matrícula nos diversos cursos, indicando que hai 6 vacantes en 1º e 2º ESO e 3 en 4º ESO, así como a matrícula nos cursos de Bacharelato e ciclos de FP. Comenta que este ano os ciclos de adultos da Familia de Edificación e Obra Civil pasan a ser a distancia e informa dos novos ciclos que se imparten en Dual así como o novo curso de especialización de Robótica Colaborativa.

No **noveno** punto da orde do día, preséntase a proposta de actividades complementarias e extraescolares previstas para o curso 23-24, coa observación de que serán actualizadas cada trimestre. Apróbbase por unanimidade.

#### **En rogos e preguntas.**

A nai Luisa Álvarez, solicita que na conformación dos equipos das ligas de xoga no recreo no sexa obrigatorio a participación de polo menos unha rapaza por equipo. A directora resposta que esa norma non se vai modificar dado que levamos anos con ela e funciona. Ademais de non ser así, o patio sería exclusivamente masculino.

A nai Luisa Álvarez abre o debate sobre a prohibición do uso do móbil en todo o instituto. Prodúcense varias intervencións entre o profesorado e as nais asistentes e dado que é un tema no que é complicado chegar a un acordo seguirase tratando.



### Acordos

- a. Aprobación do calendario escolar 2023/2024.
- b. Aprobación da solicitude de Club de lectura para o curso 2023/24.
- c. Aprobación da solicitude de Contratos programa para o curso 2023/24.
- d. Aprobación da participación no programa EduExchanges
- e. Aprobación da participación do centro no desenvolvemento do Máster de formación do profesorado de secundaria e do profesorado técnico de FP
- f. Aprobación da participación no Club de ciencia.
- g. Aprobación do Plan Dixital do centro.
- h. Aprobación das actividades complementarias e extraescolares para o curso 2023/24

Visto e prace moderador/a

Sabela Pardo Vázquez

O/A secretario/a

Mercedes Couto García